

FOLLETO INFORMATIVO



Avda. Arsenio Iglesias, 34
15142 - Arteixo
Tfno.: 881 96 05 06
ceip.ponte.brozos@edu.xunta.es
<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceippontebrozos>



ÍNDICE

- I. Niveis Educativos
- II. Proposta Educativa
- III. Historia do Centro
- IV. Identidade Propia
- V. Proxecto Educativo de Centro
- VI. Organización do Colexio
- VII. Servizos que oferta o Centro
- VIII. Colaboran coa Educación
- IX. Horario Escolar
- X. Entradas e saídas
- XI. Calendario Escolar
- XII. ANPA
- XIII. Normas de Convivencia



Pavillón III - Rosalía de Castro

I. NIVEIS EDUCATIVOS

- ◆ CEIP Ponte dos Brozos é un centro público que imparte ensino dende o 2º ciclo de Educación Infantil ata a Educación Primaria (dende 3 a 12 anos).
- ◆ Educación Infantil (EI): De 3 a 6 anos.
- ◆ Educación Primaria (EP): de 6 a 12 anos.
- ◆ Actualmente están en funcionamento 15 unidades de Educación Infantil e 32 unidades de Educación Primaria.

II. PROPOSTA EDUCATIVA

- ◆ Metodoloxía activa, socializadora, axeitada ás necesidades educativas individuais e atendendo á diversidade.
- ◆ Educación integradora, baseada na tolerancia e na comprensión.
- ◆ Fomento da coeducación.
- ◆ Educación en liberdade e respecto.
- ◆ Orientar a educación dende unha perspectiva inclusiva de calidade e equidade.
- ◆ Compromiso por promover unha formación integral ao alumnado.
- ◆ Proxecto Arteixo Innovación -Educación de Dinamización das TIC.
- ◆ Plan Contratos-Programa: Participación en 3 proxectos.
- ◆ Aula Grupo de Adquisición de Linguas.
- ◆ Seccións Bilingües.
- ◆ Programa de Lingua Árabe e Cultura Marroquí.

III. HISTORIA DO CENTRO

- ◆ No curso académico 1972/73 instaláronse as escolas da localidade de Barrañán.
- ◆ Polo Decreto 2215/1973, foron creados dous colexios de EXB, un deles de 16 unidades e outro de 8.
- ◆ Con data do 12 de setembro 1974 comeza a funcionar co nome de "A. Carrero Blanco".
- ◆ Tivo ampliacións nos anos 1976, 1977, 1979 e 1980.
- ◆ Pola Orde de 9 de xullo de 1993, autorizase a posta en funcionamento do Pavillón III.
- ◆ No curso 1997/98 o colexio pasa a denominarse "CEIP Ponte dos Brozos".

IV. IDENTIDADE PROPIA

- ◆ Pluralismo e valores democráticos.
- ◆ Aconfesionalidade e valores éticos.
- ◆ Interculturalidade.
- ◆ Comunicación fluída Centro-Familia.
- ◆ Coexistión e participación.
- ◆ Alumnado: Protagonistas da súa propia formación.
- ◆ Profesorado: Papel decisivo con implicación no desenvolvemento do centro.
- ◆ Persoal de Administración e Servizos: Realizan funcións imprescindibles para a boa marcha do Colexio.
- ◆ Familias: Participación responsable.

V. PROXECTO EDUCATIVO DO CENTRO

- ◆ É o documento que establece os valores e a liña definitoria do tipo, estilo e modelo de educación que se imparte neste centro.

VI. ORGANIZACIÓN DO COLEXIO

- ◆ O funcionamento do centro está regulado pola Programación Xeral Anual, as Normas de Organización e Funcionamento/Regulamento de Réxime Interno e o Plan de Convivencia.
- ◆ A participación de todos os estamentos da Comunidade Educativa realízase a través do Consello Escolar.
- ◆ No Proxecto Educativo recóllense os obxectivos a conseguir así como os medios e actividades para alcanzalos.
- ◆ Control diario das ausencias do alumnado.
- ◆ Os alumnos/as durante o horario lectivo non poden saír do centro sen a previa autorización dos seus responsables legais.

VII. SERVIZOS QUE OFERTA O CENTRO

- ◆ Comedor Escolar
- ◆ Transporte Escolar
- ◆ Actividades Extraescolares.
- ◆ Programa de gratuidade solidaria para a adquisición de libros de texto e préstamo da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.
- ◆ Departamento de Orientación.



VIII. COLABORAN COA EDUCACIÓN

- ◆ Consello Escolar
 - Este órgano colexiado que analiza e avalía o funcionamento xeral do centro está composto por representantes de toda a comunidade educativa: Profesorado, Persoal de Administración e Servizos, Pais e Nais, ANPA e Concello de Arteixo.
- ◆ Claustro de Profesores
 - Órgano fundamental na vida escolar, traballando comprometidamente por un ensino de calidade.
- ◆ Comisión de Coordinación Pedagóxica
 - Fomentando e avaliando todas as actividades e proxectos do centro.
- ◆ Equipos Docentes
 - Coordinando as diversas áreas, mantendo actualizada a metodoloxía didáctica e organizando e desenvolvendo o ensino propio de cada nivel.
- ◆ Equipo Directivo
 - Adecuando a estrutura organizativa para favorecer a consecución dos obxectivos.

IX. CENTRO ASOCIADO

- ◆ Rede de Escolas Asociadas á UNESCO.
- ◆ Rede de Escolas polos Dereitos Humanos de Amnistía Internacional.

X. HORARIO ESCOLAR

A xornada diaria de atención ao alumnado será a seguinte:

- ◆ De 7:00 h. a 9:30 h.: Programa Madrugadores, organizado pola ANPA.
- ◆ De 9:30 h. a 14:30 h.: Xornada lectiva atendida polo profesorado do centro
- ◆ De 14:30 h. a 16:00 h.: Atención de comedor escolar, organizado pola ANPA.
- ◆ De 16:00 h. a 18:10 h.: Actividades Extraescolares organizadas polo Concello de Arteixo e Ludoteca organizada pola ANPA.
- ◆ De 18:10 h. a 19:30 h.: Merenda e atención, organizado pola ANPA.
- ◆ No mes de setembro o horario do alumnado de 4º de Educación Infantil varía en función do período de adaptación.

XI. ENTRADAS E SAÍDAS

Educación Infantil

- ◆ A hora de entrada será ás 9:30 horas.
- ◆ A saída realizarase de forma gradual a partir das 14:10 h., co fin de facilitar a identificación das persoas responsables que acoden a recoller a este alumnado.

Educación Primaria

- ◆ Os alumnos entrarán ás 9:30 horas sós polas portas de acceso respectivas.
- ◆ A saída realizarase de forma gradual a partir das 14:25 h.

XII. CALENDARIO ESCOLAR

- ◆ O calendario escolar para o curso estará publicado na páxina web do centro e nos taboleiros de anuncios.

XIII. ANPA

- ◆ A Asociación de Nais e Pais de Alumnos colabora estreitamente co Centro orientando ás familias.
- ◆ Facilitar a representación dos pais/nais no Consello Escolar.
- ◆ Xestión de servizos.
- ◆ Ao longo do curso escolar desenvolve unha intensa labor destacando:
 - Organización de actividades.
 - Convocar as Asembleas.
 - Mantemento do Blog da Asociación.
 - Programa Madrugadores.
 - Colaborar coas actividades do centro.
- ◆ Contacto: Tfno.: 653 297 047. Correo-e: anpapedosbrozos@gmail.com

XIV. NORMAS DE CONVIVENCIA

- ◆ Recollidas nas Normas de Organización e Funcionamento/Regulamento de Réxime Interno e no Plan de Convivencia Escolar.



Bibliotecas
escolares
de Galicia



ArteixoInnovación
EducaTIC



REDE DE ESCOLAS

Organización das Nacións
Unidas para a Educación,
a Ciencia e a Cultura



Membro de
Escolas
Asociadas
da UNESCO

